



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 6
DE OUTUBRO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ (que se ausenta ás 21:18 e regresa ás 21:23)

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA

Concelleiro

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

INTERVENTOR EN FUNCIONES

DON LUIS LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día seis de outubro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE SETEMBRO DE 2011

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO ANO 2012

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A INSTAR DO MINISTERIO DE FOMENTO A TRANSFERENCIA Á XUNTA DA AUTOESTRADA AP-53 E DA AUTOESTRADA AP-9

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL SOBRE CÁLCULO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

5°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A SOLICITUDE DE CRÉDITO AO INSTITUTO DE CRÉDITO OFICIAL AO ABEIRO DO RD 8/2011 DO 1 DE XULLO

6°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A EXPEDIENTE N° 1A/2011 DE CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO E EXPEDIENTE N° 2/2011 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

7°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A FACER VALER O ACORDO PLENARIO DE 2 DE DECEMBRO DE 2010 SOBRE ACCIÓN DE RECUPERACIÓN POSESORIA NA SAGRADA-CODESEDA.

8°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO ÁS COMISIÓN QUE APLICAN AS ENTIDADES FINANCEIRAS.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9°.-DACIÓN DE CONTAS DOS ESCRITOS DOS VOCEIROS DO GRUPO SOCIALISTA E DO GRUPO DO PP DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS NAS COMISIÓN INFORMATIVAS

10°.-DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DITADAS DO 3 AO 31 DE AGOSTO DE 2011, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS (DO N° 661 AO N° 778)

11°.-ROGOS E PREGUNTAS

A) PARTE RESOLUTORIA

1°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE SETEMBRO DE 2011 Apróbanse por unanimidade a acta da sesión do un de setembro de dous mil once. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO ANO 2012 O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 30 de setembro de 2011.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Simplemente facer constar que nos parece moi ben que a sociedade estradense chegase a un consenso neste tema, porque ao fin e ao cabo é algo que afecta a todos os veciños e veciñas da Estrada, polo que parece procedente e correcto que se alcanzase esta decisión por acordo tanto no Consello Económico como na Mesa de Comercio, polo tanto facer constar que imos manter o voto da Comisión, o voto a favor pero queremos facer constar que isto se levase ao Pleno de setembro como se fixo sempre para que non fixese falta pedir unha prórroga á Xunta, é correcto facelo así pero dende logo sabendo que é algo que hai que facelo todos os anos, facelo no Pleno de setembro.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Visto o escrito con entrada neste Concello o 8 de xullo de 2011, da Xefa Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, solicitando do Concello proposta sobre as datas das festas locais de 2012.

-Atendendo aos costumes e usos propios desta vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.

-Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social e na Mesa de Comercio Local nas súas sesións celebradas as dúas o 8 de setembro de 2011, para que as festas locais sexan os días 26 e 27 de xuño.

- Visto o ditaminado pola Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais do 30 de setembro de 2011.

-Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do RD 2001/1983.

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade, polo que o Concello Pleno,

ACORDAMOS:

1º.-Determinar como festas locais do Concello da Estrada para o ano 2011, os días:

-26 de xuño de 2011, festas patronais de San Paio

-27 de xuño de 2011, festas patronais de San Paio

2º.-Dar traslado do presente Acordo á Xefatura Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO A INSTAR DO MINISTERIO DE FOMENTO A TRANSFERENCIA Á XUNTA DA AUTOESTRADA AP-53 E DA AUTOESTRADA AP-9 O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 30 de setembro de 2011.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Simplemente dicir que na acta da comisión figura o acordo que se adoptou por unanimidade co voto favorable de todos os grupos e

simplemente se fixo unha modificación ao acordo inicial que era a incorporación..., tamén solicitar que se transfira a AP-9. Na propia acta da comisión vemos recollido cal foi a redacción literal que se lle dá ao acordo e non fai mención á AP-9 e sen embargo si se fai no título da orde do día desta convocatoria. Deixar constancia diso por se houbo un erro. Entrando no asunto, foi un voto unánime na comisión posto que todos os partidos entendemos (e por iso nos debemos felicitar) que as infraestruturas son fundamentais hoxe en día para a vida, non só diaria, senón de traballo a nivel laboral e de emprego. No caso da AP-53, dicir que xa foi un vello asunto que xa foi debatido neste mesmo Pleno, foi debatido no propio Parlamento e noutros concellos da redonda. Se nos remontamos á historia da AP-53, diremos que foi o Goberno Fraga o que iniciou esta obra, non debemos esquecer que foron 60 millóns de euros dos galegos os que foron para esta obra cando Fomento a debería ter asumido, pero Álvarez Cascos naquel momento co Ministerio de Fomento chegou a un acordo coa Xunta. Máis adiante continuouse con esta estrada e xa non se fixo como autoestrada senón que se fixo como autovía. Non esquezamos que sendo presidente Emilio Pérez Touriño chegou finalmente co que estaba exposto inicialmente Santiago–Ourense, co que hoxe atopámonos cunha infraestrutura de 80 km dos que 56 km teñen unha peaxe que todos consideramos na comisión que é abusiva para o día a día, e que sería desexable por todos que fose unha autoestrada como se pensou inicialmente de Santiago a Ourense, como se expuxo xa hai tempo en gobernos de Felipe González que foron os primeiros bocexos e que se pensase nunha autovía. Atopámonos a día de hoxe con que esta autoestrada AP-53 viu incrementado o seu volume de tráfico ata chegar no 2010 a un incremento máximo e viuno incrementado a partires de que se continuou ata Ourense. Ata que se fixo a autovía total ata Ourense a intensidade media de vehículos subiu, aínda que recentemente viamos unha noticia na que baixaba un pouco tamén pola situación que viven agora mesmo as familias e o que pagaban na excesiva peaxe que hai que pagar nos 56 km. Como xa dixemos inicialmente, neste mesmo Pleno xa se debateu e se pediu isto mesmo, posto que se entendía (e séguese entendendo hoxe) que se debe comezar por unha rebaixa e camiñar cara unha supresión, pero bo será camiñar cara unha rebaixa desta peaxe. Polo tanto, simplemente para rematar dicir que ao igual que dixemos na comisión e ao igual que fixemos no 2009 cando o propio grupo socialista trouxo esta mesma moción a este Pleno, as infraestruturas son moi beneficiosas, derivan en aforro de tempo e iso tradúcese en melloras económicas para as familias. A solicitude que fixo o Concello de Lalín, como xa fixo noutras ocasións, este grupo municipal vai secundala aquí como xa fixo na comisión e polo tanto tal e como fixemos no 2009 votaremos a favor desta solicitude de rebaixa na peaxe para a AP-53

Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Só reiterar que nos alegamos de que unha vez máis cheguemos a consenso as tres forzas políticas neste punto. Que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias en materia de vías públicas e que se reflectise o acordo que xa alcanzase o concello como di a compañeira ou tamén o acordo que tomara o Parlamento Galego e que A Estrada reitera unha vez máis perante o Ministerio de Fomento a necesidade de que estas autoestradas pasen a ser competencia da Xunta de Galicia.*

Sr. Blanco Carracedo (do PP): *Tamén nos alegamos que haxa consenso e que agardemos que siga no futuro.*

Finalmente, feita xa a corrección indicada pola Sra. Louzao Vieites, adóptase o seguinte ACORDO por unanimidade

1º.- Instar ao Ministerio de Fomento a que transfira con urxencia, e en todo caso antes de 2012, a AP-53 á Xunta de Galicia, de xeito que o Goberno autonómico poida negociar directamente coa concesionaria Acega as rebaixas na peaxe.

2º.- Na mesma liña do acordo anterior, instar ao Ministerio de Fomento a

que transfira con urxencia, e en todo caso antes de 2012, a AP-9 á Xunta de Galicia

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL SOBRE CÁLCULO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Facenda e Contas de data 30 de setembro de 2011, aprobado por unanimidade de todos os seus membros.

***Sr. Magariños Maceiras (do BNG):** Imos cambiar o sentido do voto, non porque esteamos en contra da modificación das bases, senón por outra cuestión que xa apuntei na comisión, que se ben o concelleiro de Facenda indicaba que era necesario facer esta modificación para levar a cabo o convenio coa Xunta de Galicia para a vía executiva, nós cremos que non é necesario reiterar a aprobación das bases neste ano, senón que o mellor é agardar un ano polo menos a ver como resulta esta vía executiva, para ver se se aplican estas porcentaxes de redución nos impagos aos Orzamentos, ao mellor a que a realidade dos Orzamentos fose outra. Estamos de acordo coa medida pero ao mellor sería mellor agardar un ano para ver se realmente esta vía executiva dá os resultados que todos agardamos que dea.*

***Sr. Blanco Carracedo (do PP):** Esta modificación o que supón é un cambio de criterio contable, realmente non ten que ver coa acción executiva que pode ser mellor ou peor, pero simplemente é un criterio contable. Non é necesario, pero si conveniente, pois se se houbese feito no ano pasado, o resultado do Exercicio 2010 sería positivo. Con todas as vantaxes que suporía iso, polo que non lle atopamos sentido a agardar un ano, por un criterio contable que como dicimos non ten nada que ver coa executiva.*

***Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE):** O noso grupo vai manter a posición que tivo na Comisión porque entende que, tal e como dixo o voceiro do PP, entendemos que esta fórmula non deixa de ser unha fórmula contable e pode facilitar que o remanente de Tesourería sexa outro e varíe facilitándoo contablemente. E entendemos que a Xunta que por vía executiva reclama estes cobramentos, pode facilitar que o Concello teña liquidez e demais, polo que imos manter o noso voto.*

***Sr. Magariños Maceiras (do BNG):** Estamos de acordo en que é unha modificación que axuda a criterios contables, pero non van cambiar a realidade económica do Concello, polo que é mellor traballar con cifras reais. Estamos de acordo en que se este remanente de tesourería fose outro, permitiría acceder a unha serie de créditos que doutra maneira non se pode, aí estamos de acordo, pero a realidade económica do Concello non ía variar.*

***Sr. Blanco Carracedo (do PP):** A realidade non variaría pero as consecuencias da mesma si cambiarían moito.*

***Sr. Alcalde:** Creo que no substancial estamos de acordo, e entón o que di o Sr. Magariños é certo, no cambia a realidade pero si nos condiciona. E entón todas as condicionantes que poidamos variar a favor da xestión tributaria e económica do Concello debemos poñelas en práctica. Non por facer esta modificación se vai recadar máis nin ter máis ingresos pero si é unha limitación orzamentaria que temos que se podemos salvala e nos pode beneficiar aínda sen ter eses ingresos económicos, podémola salvar.*

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, visto o ditaminado pola Comisión de Facenda e Contas, na sesión do 30 de setembro de 2011, adopta por maioría o seguinte ACORDO cos votos a favor dos Concelleiros do grupo do PP e do grupo socialista e co voto en contra do Concelleiro do BNG:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación das BEO, número 1/2011, concretamente, da Base nº 38, apartado segundo, de acordo co seguinte detalle:

Onde di:

"BASE 38ª: REMANENTE DE TESOURERÍA

.....
.....

2º) Cuantificarase unha vez deducidos os dereitos pendentes de cobramento que se consideren de difícil ou imposible recadación. A tal efecto terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación os relativos ós capítulos I a III do orzamento de ingresos que teñan unha antigüidade superior a dous anos (24 meses) o cento por cento;- os que teñan unha antigüidade superior a un ano a inferior a dous (12 a 24 meses) o dez por cento. A consideración de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación ou baixa en contabilidade."

Dirá:

"BASE 38ª: REMANENTE DE TESOURERÍA

.....
.....

2º) Cuantificarase unha vez deducidos os dereitos pendentes de cobramento que se consideren de difícil ou imposible recadación. A tal efecto terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación os relativos ós capítulos I a III do orzamento de ingresos que teñan unha antigüidade superior a catro anos (48 meses) o 100 por cento;- os que teñan unha antigüidade superior a tres anos e inferior a catro (36 a 48 meses) o 50 por cento;- os que teñan unha antigüidade superior a dous anos e inferior a tres (24 a 36 meses) o o 25 por cento;- os que teñan unha antigüidade superior a un ano a inferior a dous (12 a 24 meses) o 10 por cento. A consideración de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación ou baixa en contabilidade."

SEGUNDO: Este expediente de modificación do orzamento que se aproba inicialmente exporase ó público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado

período non se presentaran reclamacións.

5º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO A SOLICITUDE DE CRÉDITO AO INSTITUTO DE CRÉDITO OFICIAL AO ABEIRO DO RD 8/2011 DO 1 DE XULLO O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Facenda e Contas de data 30 de setembro de 2011.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Só manifestar que estivemos vendo o expediente detidamente e imos modificar o sentido do noso voto, e imos votar a favor.*

Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Nós, estudando co detemento o expediente imos votar en contra, co que o consenso do principio estase empezando a romper, pero si aceptaríamos votar a favor se só se contemplase o que serían os gastos para pequenos, para as PEMES; e o que sería a débeda con Fenosa, que aínda que non toda a culpa é de Fenosa, pero si ten unha parte de culpa por non facer as cousas como debería, pagala en función de modificación do Orzamento, do actual do 2011 e sería un proceso negociado coa empresa, e a outra parte da débeda pagala con cargo ao ano 2012, co cal o crédito a pedir do ICO sería de 288.650,13 €. Estaríamos dispostos así a aceptar este crédito pero parécenos un pouco excesivo o montante que se lle quere solicitar ao ICO. Por outro lado, tal e como apunta o informe de Intervención, que sería necesario coñecer cal é o plan de viabilidade para afrontar este crédito tal e como o reconece o artigo que teño aquí anotado, pero que sería interesante coñecer o plan de viabilidade que vai poñer en marcha o Concello para facer fronte ao pagamento deste crédito, que supoño que se irá ao prazo máximo de 3 anos que marca o ICO, que non se vai facer máis curto e que se irá aos 3 anos.*

Sr. Blanco Carracedo (do PP): *Tal e como falamos o outro día, as facturas que se pretenden pagar co crédito solicitado veñen dos traballos devengados con data anterior ao 30.04.2011 co cal aí están incluídos os que están, pequenas e medianas e empresas como Fenosa. Non lle encontramos sentido a deixalo para o ano 2012 pois o que se busca realmente coa solicitude do crédito ICO é evitar tiranteces na Tesourería, é dicir que non haxa un corte no fluxo de Tesourería. Se deixamos esas facturas que son importantes para o 2012, pouco imos arranxar pedindo só douscentos mil euros, ese é o motivo polo que se inclúen e polas condicións polas que se recollen no préstamo.*

Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Cremos que podería orixinar tiranteces cara o futuro. Si reconecemos que A Estrada si ten capacidade para facer fronte a este crédito e o importante da débeda non é a débeda en si, senón que se poidan pagar os créditos, pero cremos que se vai orixinar ao longo do tempo unha tirantez de caixa e pensamos que é moito mellor a nosa proposta.*

Sr. Blanco Carracedo (do PP): *As tiranteces van ser porque se vostede está informado como vai ser o Orzamento 2012, e todas as diminucións que vai haber nas achegas do Estado, as devolucións que hai que facer, de 1.000.000 € en cinco anos..., co cal están moi mermados os ingresos que imos ter o ano que vén. Entón estas facturas que están aí son traballos efectuados por Fenosa, e entón se o préstamo se pide é para pagar algo que se está debendo, non é para acometer novos investimentos, co cal a tirantez vai estar aí, as tensións de Tesourería son as que son, non hai máis.*

Sr. Alcalde: *Para pechar, creo que independentemente do sentido do voto neste Pleno, todos coincidimos en que temos que pagar o que debemos. Evidentemente ás PYMEs, pero tamén a todas as demais, e máis aínda cando empresas, como dicía vostede Fenosa, previsiblemente non estamos en condicións de negociar con eles. A débeda ascende xa a unha cantidade considerable, estamos falando de máis de setecentos mil euros de débeda real só con Fenosa*

e iso ponnos nunha situación non moi favorable para poder negociar. Ademais, aínda que negociemos con Fenosa o problema ímolo trasladar ao ano 2012 e polo que me temo, as previsións van ser máis negativas que no ano 2011: temos unha caída de ingresos importante, temos que devolver un millón de euros da participación en Tributos do Estado do 2008 e 2009, e todos os indicadores nos din que imos ter tiranteces importantes, xa non só a nivel de gasto corrente senón tamén de tesourería. Temos o estudo feito de aquí a final de ano da situación da Tesourería do Concello e a situación é complicada e posiblemente seguro que no ano que vén se vai complicar máis. Con respecto ao prazo, sabe vostede que este préstamo o pedimos a 3 anos porque ten un tipo de comisión por amortización anticipada de 0%, polo que poderíamos liquidalo no momento que tivésemos disposición orzamentaria para facelo, e iso dános a posibilidade de estiralalo ao máximo durante 3 anos ou poder facelo antes da finalización do vencemento. E ademais incorporamos estes 300.000 € porque as facturas que están son todas as que son, pero hai moitas que están que non están incorporadas neste crédito, pois hai servizos devengados que poderían entrar nesta liña feitos ou devengados antes do 30 de abril de 2011. Polo tanto, acolléndonos a esa limitación do 25% de Tributos do Estado e á débeda real e aos provedores cos que temos o compromiso moral de pagar e atender aos cobramentos (e esta administración sempre pagou e debe seguir facéndoo), temos esta opción na man e eu creo que debemos aproveitala, por iso sen entrar en máis debate sometemos a votación este punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, visto o ditaminado pola Comisión de Facenda e Contas, na sesión do 30 de setembro de 2011, adopta por maioría o seguinte ACORDO cos votos a favor dos Concelleiros do grupo do PP e do grupo socialista e co voto en contra do Concelleiro do BNG:

Apróbase solicitar do Instituto de Crédito Oficial unha operación de endebedamento ó abeiro do previsto no Real Decreto-Lei 8/2011, do 1 de xullo, por importe de **568.851,05 euros** para financiar as obrigas pendentes de pagamento cuxa relación se transcribe de seguido:

TERCEIRO	Nº FACTURA	DATA	CONCEPTO	IMPORTE
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Maio 2010	30/12/10	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de maio	556,93
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de maio	4.051,96
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de maio	779,06
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de maio	3.515,17
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Xuño 2010	30/12/10	Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de xuño	2.139,12
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de xuño	150,75
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Xullo 2010	30/12/10	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de xullo	4.419,10
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de xullo	11.685,46
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de xullo	2.261,58
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de xullo	6.141,35

UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Agosto 2010	30/12/10	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de agosto	30.611,52
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de agosto	4.524,46
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de agosto	548,14
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de agosto	2.249,17
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Setembro 2010	30/12/10	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de setembro	17.431,84
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de setembro	12.397,36
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de setembro	596,55
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de setembro	2.539,50
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Outubro 2010	30/12/10	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de outubro	2.772,06
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de outubro	10.507,93
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de outubro	1.273,55
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de outubro	1.955,71
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Novembro 2010	05/04/11	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de novembro	28.865,30
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de novembro	15.270,83
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de novembro	1.562,94
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de novembro	1.766,54
UNION FENOSA COMERCIAL S.L. B 82.207.275	Decembro 2010	05/04/11	Subministro enerxía eléctrica serv. augas mes de decembro	12.032,74
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de decembro	15.836,49
			Subministro enerxía eléctrica colexios mes de decembro	2.243,86
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de decembro	7.147,41
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. A-65.067.332	Decembro 2010	07/02/2011	Subministro enerxía eléctrica semáforos mes de decembro	29,36
			Subministro enerxía eléctrica depuradoras mes de decembro	26,72
			Subministro enerxía eléctrica serv. Augas mes de decembro	37,95
			Subministro enerxía eléctrica alumado público mes de decembro	67.643,53
			Subministro enerxía eléctrica centros de saúde mes de decembro	305,13

			Subministro enerxía eléctrica escolas mes de decembro	2.335,26
			Subministro enerxía eléctrica ed. usos múltiples mes de decembro	60,64
			Subministro enerxía eléctrica campo de fútbol mes de decembro	500,21
			Subministro enerxía eléctrica Polideportivo mes de decembro	80,29
			Subministro enerxía eléctrica dependencias mes de decembro	1.346,65
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. A-65.067.332	Febreiro 2011		Subministro enerxía eléctrica febreiro 2011	81.013,99
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. A-65.067.332	Marzo 2011		Subministro enerxía eléctrica marzo 2011	38.128,71
GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. A-65.067.332	Abril 2011		Subministro enerxía eléctrica abril 2011	56.531,51
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. B -15467962	11/200779	30/09/2010	Transporte residuos sólidos punto limpo segunda quincena de maio 2010	1.321,56
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. B -15467962	11/200780	30/09/2010	Transporte residuos sólidos punto limpo mes de xuño 2010	2.643,13
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. B -15467962	11/200781	30/09/2010	Transporte residuos sólidos punto limpo mes de xullo 2010	2.643,13
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. B -15467962	11/200782	30/09/2010	Transporte residuos sólidos punto limpo mes de agosto 2010	2.643,13
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. B -15467962	11/200783	30/09/2010	Transporte residuos sólidos punto limpo mes de setembro 2010	2.643,13
AUTOELECTRICIDAD OTERO, S.C G-36217826	16949	03/11/2010	Reparac. Vehículo Serv. Sociais	58,43
FORM. E INV. EN TÉCNICAS DECORATIVAS, S.L. B-94004991	A/42	30/12/2010	Subministros deportes	165,00
FORM. E INV. EN TÉCNICAS DECORATIVAS, S.L. B-94004991	A/43	30/12/2010	Subministros deportes	52,85
ENERLAMELA S.L. B-36512598	25/2010	23/09/2010	Subministros deportes	184,50
AUTOELECTRICIDAD OTERO, S.C G-36217826	16912	19/10/2010	Reparac. vehículo, vías públicas	345,50
INCIPRESA	209/532	20/09/02	Reparac. Unidad Man. Protec. Civil	1.131,86
FERROESTRADA, S.L.	21002097	31/12/2010	Varios subministros Protec. Civil	64,70
FARO DE VIGO, S.A. (CIF A-36600815)	000.6500	31/12/2010	Anuncio Alcaldía (Aliñación definitiva da I Travesía Fernando Conde...)	70,80
FERROESTRADA, S.L.	21002102	31/12/2010	Subministros lixo	4,25
CHAOMETAL, S.L. (CIF B-36319630)	08/oct	29/01/2010	Reparac. cuberta nave electricistas	286,23

CHAOMETAL, S.L. (CIF B-36319630)	149/10	19/11/2010	Traballos reparación porta entrada C. Médico Veá	88,50
REPSOL BUTANO, S.A. (CIF A-28076420)	00.31820699	22/10/2010	Suministro gas C. Saúde Codeseda	96,56
INSTALACIONES TATO RODRIGUEZ, S.L. (CIF B-36352417)	210122	12/12/2010	Lámpara baixo consumo C.Médico Oca	47,20
HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L. (CIF B-81997439)	34703-2010	31/12/2010	Enerxía elec. Escolas Nov-Dec 2010	293,41
CARPAS FACAL, S.L. (CIF B-70158795)	A/427	26/04/2010	Aluguer carpa día Muller Traballadora	870,00
ILUMINACIONES Y CARPAS CAMPAÑO, S.L. (CIF B-36501088)	20/2010	28/03/2010	Aluguer carpa día Muller Traballadora	1.160,00
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.217	22/11/2010	Materiais Teatro Ppal outubro 2010 (Lámparas)	151,37
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.220	22/11/2010	Materiais Teatro Ppal outubro 2010 (Focos)	295,00
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.218	22/11/2010	Montar equipo son Praza Mercado: Festa Poesía	295,00
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.235	27/12/2010	Aluguer materiais Teatro Ppal Nov 2010 (días 11, 12, 21 e 26)	826,00
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.237	21/12/2010	Aluguer materiais Teatro Ppal Nov 2010 (Lámparas e portalámparas)	130,60
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	D0/002606	30/12/2010	Saco Mortero Local Social Moreira	11,78
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	10/001907	30/11/2010	Masilla blanca Escola Acorados	7,00
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	D0/002342	30/11/2010	Materiais diversos Escola S.Pedro Acorados	203,82
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	10/001909	30/11/2010	Materiais diversos Campo Festa Curantes	128,08
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	D0/002339	30/11/2010	Materiais diversos Escola Sto.Tomás Acorados	126,25
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	D0/002336	30/11/2010	Materiais diversos Escola Riobó	206,00
INSTALACIONES TATO RODRIGUEZ, S.L. (CIF B-36352417)	210.090	30/09/2010	Reparación Edif. Usos Múltiples	135,94
FONTANERIA E CALEFACCIONS PIPO, S.L. (CIF B-36555886)	48	11/11/2010	Reparación Edif. Usos Múltiples	1.154,04
ASCENSORES ENOR, S.A. (CIF A-36650992)	139.375	25/10/2010	Reparación ascensor Edif. Usos Múltiples	92,75
ASCENSORES ENOR, S.A. (CIF A-36650992)	141.240	16/12/2010	Reparación ascensor Edif. Usos Múltiples	294,36

DOLORES DURÁN LOUZAO (NIF 76858254-M)	204	27/10/2010	Materiais de oficina Biblioteca Mpal.	22,85
DOLORES DURÁN LOUZAO (NIF 76858254-M)	201	26/10/2010	Materiais de oficina Cultura	61,20
DOLORES DURÁN LOUZAO (NIF 76858254-M)	236	30/11/2010	Materiais de oficina Biblioteca Mpal.	57,20
DOLORES DURÁN LOUZAO (NIF 76858254-M)	232	30/11/2010	Materiais de oficina Cultura	61,20
DOLORES DURÁN LOUZAO (NIF 76858254-M)	237	30/11/2010	Libros Biblioteca Mpal.	29,00
COPISTARIA COPISTRADA, S.L. (CIF B-36486967)	1000432	13/12/2010	Copias Cartulina Amarela	12,70
HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L. (CIF B-81997439)	34702-2010	31/12/2010	Enerxía elec. Teleclub Nov-Dec 2010	232,08
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGA RETEGAL (CIF A-15643687)	201010061	29/10/2010	Custes de enerxía e parte proporcional de mantemento de liña	753,43
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGA RETEGAL (CIF A-15643687)	201012002	07/12/2010	Custes de enerxía e parte proporcional de mantemento de liña	753,43
MANUEL A. CAMPOS PUENTE (NIF 76859773-Y)	153-2010	29/10/2010	Materias limperza Sala Caixanov	21,16
MANUEL A. CAMPOS PUENTE (NIF 76859773-Y)	156-2010	29/10/2010	Materias limperza Edif. Usos Múltiples	140,10
MANUEL A. CAMPOS PUENTE (NIF 76859773-Y)	165-2010	01/12/2010	Materias limperza Edif. Usos Múltiples	187,77
FERRETERIA TORRES CAEIRO, S.L. (CIF B-36471100)	E100371	30/11/2010	Chaves	28,32
HIERROS DIEGO, S.L. (CIF B-36033330)	N00380	22/11/2010	Chapa industrial e guillotina, Esc. Riobó	10,92
HIERROS DIEGO, S.L. (CIF B-36033330)	N00201	15/11/2010	Materiais diversos Escola Riobó	104,51
MANUELA IGLESIAS CASTRO (CIF 35430207-H)	62	29/12/2010	Plantas, maceta e ramo	92,00
DISTRIBUIDORA ESTRADENSE, C.B. (CIF E-36199743)	464	30/11/2010	Copia chaves Cultura	11,92
DISTRIBUIDORA ESTRADENSE, C.B. (CIF E-36199743)	462	30/11/2010	Copia chaves Cultura	7,08

INSTALACIONES TATO RODRIGUEZ, S.L. (CIF B-36352417)	210114	01/11/2010	Materiais diversos Escola de Parada	316,68
INSTALACIONES TATO RODRIGUEZ, S.L. (CIF B-36352417)	210111	01/11/2010	Materiais diversos Escola de Sta. Cristina	187,97
INSTALACIONES TATO RODRIGUEZ, S.L. (CIF B-36352417)	210109	01/11/2010	Materiais diversos Escola Souto Veá	223,03
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	D0/002605	30/12/2010	Materiais diversos muro Campo Festa Codeseda	152,63
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	D0/002108	30/10/2010	Materiais diversos Escola Ancorados	69,74
HIERROS DIEGO, S.L. (CIF B-36033330)	A/274	31/10/2010	Lámparas Sala Exp. Caixanova	106,20
TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A. (CIF A-36001576)	K/289	30/11/2010	Transporte Banda de Meaño a Orazo	580,00
AUTOS RICO, S.L. (CIF B-15157357)	A/126	18/05/2010	Serv.Transporte A Coruña-A Estrada-A Coruña	350,00
JORGE RAMOS FIGUEIRAS (NIF 52470303D)	51806	31/12/2010	Portes Cultura	11,60
JORGE RAMOS FIGUEIRAS (NIF 52470303D)	51760	30/11/2010	Portes Cultura	67,58
AUTOCARES MUIÑOS, S.L.U (CIF B-15652183)	0,154	30/12/2010	Transporte Coral Soutomaio A Estrada	324,00
JUAN A.CORTES CORBACHO (NIF 35231131-F)	10959	10/07/2010	Serv. Catro habitacións con motivo da concentración de motos	194,40
ELIGIO FONDEVILA ROMERO (NIF 35356389-F9)	2321	30/12/2010	Praca prata "XXII Premio Novela M.García Barros".	138,00
ELIGIO FONDEVILA ROMERO (NIF 35356389-F10)	2320	30/12/2010	Pracas prata "Premios Xóvenes solista J. Valcarcel" e "Premios S.Martiño"	126,00
RESTAURANTE GRAN VIA S.C. (CIF J-940259969)	15/,10	05/11/2010	Serv. Catering: Festa da Poesía	410,00
O COPIÓN, S.C. (CIF G-36399319)	10/249	30/06/2010	Carteis Rock&Clown	1.415,20
GALICIA PROXECTOS DE COMUNICACIONES, S.L. (CIF B-27347590)	11006-49	30/06/2010	Publicidade RockK&Clown	203,00
GALICIA PROXECTOS DE COMUNICACIONES, S.L. (CIF B-27347590)	11006-50	30/06/2010	Publicidade Festa da Estrada	232,00
PREFABRICADOS DALARJO, S.L. (CIF B-36002764)	10/002126	30/12/2010	Materiais diversos obra Cabalgata de Reis	14,80

BENGALA PRODUCCIONS, S.L. (CIF B-70406629)	7	28/05/2010	Espectáculo Master Class	1.160,00
TITZINA TEATRE, S.L. (CIF B-63576995)	114/10	16/04/2010	Espectáculo Exitus de titzina Teatre	1.809,60
MULAS PRODUCCIONS, S.L. (CIF B-70210935)	30/2010	17/07/2010	Runners festival Rock and Clown	944,00
COPISTARIA COPISTRADA, S.L. (CIF B-36486967)	1000246	21/06/2010	Revista escolar 2010 "OS PEREIRIÑOS"	1.590,60
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.253	30/12/2010	Colocación carteles	165,20
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.252	30/12/2010	Atender equipo son e proyector na sala Exposicións Caixanova	53,10
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.234	27/12/2010	Colocación carteles	153,40
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.219	22/11/2010	Por abrir Sala Expos. Caixanova o 5/11/10	53,10
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.222	22/11/2010	Colocación carteles	212,40
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.251	30/12/2010	Mantemento Teatro Ppal. Decembro 2010	2.495,70
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.236	27/12/2010	Mantemento Teatro Ppal. Novembro 2010	1.840,80
LUIS FRAGÍO RODRÍGUEZ (NIF 76857045-S)	2.221	22/11/2010	Mantemento Teatro Ppal. Outubro 2010	1.380,60
XXL PRODUCCION E LOXISTICA S.L. (CIF B-15928252)	X093	31/08/2010	Aluguer Manitou telescópico para montaxe e desmontaxe de infraestructuras (RockK&Clown)	739,62
INSTALACIONES TATO RODRIGUEZ, S.L. (CIF B-36352417)	210.093	30/09/2010	Colocación cuadro para actuacións Circo itinerante en distintas parroquias	708,00
MADEIRAME, FCA DE MUEBLES, S.L. (CIF B-36571826)	523/10	10/11/2010	Colocación de duas portas no Teatro Ppal	566,40
LOPEZ IGLESIAS, FRANCISCO (NIF 52471171-Y)	0,20	02/02/2010	Materiais Escola de teatro	600,00
ALUMINIOS CAMPOS, S.L. (CIF B-361339409)	000.3617	04/10/2010	Tablón de anuncios	1.334,58
FIMART ESTRADA, S.L. (CIF B-36598431)	S156	30/11/2010	Materiais diversos CEIP Manuel Villar Paramá	1.978,00
FONTANERIA E CALEFACCIONS PIPO, S.L. (CIF B-36555886)	50	19/11/2010	Reparacións en diversas Escolas	1.011,26
Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Seguindo coa argumentación da voceira do grupo socialista, consideramos que o Callobre si é merecedor desta obra, pero non se debe desvestir un santo para vestir outro. Era necesario facer esta obra que si é moi necesaria, pero tamén son moi necesarias outra serie de obras que quedaron sen facer pola realización desta obra tamén importante. O Callobre está facendo un labor na formación dos cativos moi importante e é merecedor de todo o apoio dos organismos oficiais. Tamén o que falabamos o outro día na comisión, o tema do mantemento: cargar ao Callobre con el pode ser excesivo e gravoso para o club e entón estivemos falando como se podía levar a cabo este mantemento e decidimos que se se puidese quedase reflectido no convenio como un anexo, que o Callobre tivese claro cal é o seu papel no mantemento destas instalacións. Como falamos o outro día estes campos de herba sintética, teñen un mantemento, no tan caro como o de herba natural, pero si caro.*

Sr. Alcalde: *Como peche do debate, creo que coincidimos no básico. E con respecto aos*

gastos creo que estamos baixando ao nivel de detalle desa xestión; dixémolo na comisión o outro día, facía unha achega o club por ¿que pasaba co alumado, coa cantina?, deixaba caer que aspectos podían ser utilizados noutros casos por outros clubs... Non quixemos introducir ese elemento de tanto detalle nun convenio como este, e iso falarémolo e dende logo haberá liñas de colaboración estreitas co Callobre, onde a primeira xa é facer un campo de herba sintética que vale 700.000 € que xa ten o seu mérito e polo tanto non imos deixar de colaborar con eles. De feito, o apartado 5º pono así expresamente, “Sen prexuízo das axudas que podan acadarse procedentes do Concello ou doutras entidades públicas ou privadas coa mesma finalidade, o Club farase cargo dos gastos de mantemento propios para que as instalacións se atopen nun estado óptimo para o seu uso deportivo” falamos de acondicionamento do terreo de xogo, falamos de limpeza do terreo, en ningún caso estamos falando dos gastos que xere esa infraestrutura. Dixémolo antes e especificámolo claramente, dixemos que as instalacións estean nun estado óptimo e que as instalacións cumpran as súas funcións porque o dereito prioritario de uso vaino ter o Callobre, pero que segundo as necesidades (e cada día aprézase que son máis), pódese compaxinar con outros equipos que van facer uso desas instalacións, polo que creo que é conveniente que o uso do terreo de xogo, imos intentar darlle un mantemento algo mellor que o que se lle deu ao campo de Figueroa: imos cepillalo habitualmente e hai que facer unha serie de tratamentos que é conveniente que o faga o club. E iso é o que nós lle imos pedir que faga o club; e o que son os gastos da instalación xa o trataremos con eles e tamén o valoraremos no seu momento e saberemos valorar o traballo tan importante como é o do Callobre CF. E no que respecta a vestir un santo para desvestir outro, téñolles que dicir que poden confiar neste goberno, creo que non imos dar un motivo para a crítica para perder un só euro de subvención pública, e nese caso poden estar tranquilos que este goberno ten planificadas as súas actuacións, ten debidamente negociado coa Deputación de Pontevedra; ademais como membro e deputado provincial teño falado con presidente sobre a decisión que se tomou en relación a este Plan de Infraestruturas da Deputación, consumindo recursos deste Plan de Infraestruturas e poden estar tranquilos que este goberno vai presentar proxectos por máis importe que os 600.000 € que no seu momento se anulou das obras que estaban sen adxudicar, a través dese Plan de Infraestruturas. Poderano saber vostedes e terán coñecemento de todos os proxectos e obras, e gustaríame que todos as compartísemos porque van ser obras moi importantes para o noso Concello.

Finalmente, recollendo as cuestións sinaladas pola Alcaldía ó principio da súa intervención, adóptase por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Visto o borrador de Convenio de colaboración entre o Concello da Estrada, a Asociación cultural Isaac Quenqueirades e o Callobre Club Fútbol relativo a execución de instalacións deportivas en Callobre e uso das mesmas.

-Vista a conveniencia de asinar o Convenio dado que redunda en pro dos intereses xerais e, moi particularmente garante o acceso a actividades deportivas por parte dun número de veciños significativo, especialmente nenos e xoves, e non só de Callobre, senón de parroquias veciñas.

ACORDAMOS:

1º.-A aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello da Estrada, a Asociación cultural Isaac Quenqueirades e o Callobre Club Fútbol relativo a execución de instalacións deportivas en Callobre e uso das mesmas.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do devandito Convenio e a realización de cantos actos sexan precisos para a plasmación efectiva do presente Acordo. Non se producirá a sinatura do Convenio mentres non quede acreditado polos asinantes a súa capacidade para asinar o Convenio en nome e representación da Asociación de do Club.

O texto do Convenio é o que segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA ESTRADA, A ASOCIACIÓN CULTURAL ISAAC QUENQUEIRADES E O CALLOBRE CLUB FÚTBOL RELATIVO A EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN CALLOBRE E USO DAS MESMAS

A Estrada,de 2011.

-Dunha parte, D. José Carlos López Campos, con DNI nº 52472456A, Alcalde-Presidente do **CONCELLO DA ESTRADA**. Actúa en nome e representación do Concello.
En adiante, “o Concello”.

-Doutra parte, D. José Carracedo Rey, con DNI nº 35435514N, actuando en nome e representación da **ASOCIACIÓN CULTURAL ISAAC QUENQUEIRADES** (nº de CIF G-36019438), inscrita co número 1981/000959-1 do Rexistro de Asociacións da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia.
En adiante, “a Asociación”.

-E doutra parte, D. Juan González Nogueira, con DNI nº 52470081C, actuando en nome e representación do **CALLOBRE CLUB FÚTBOL** (nº de CIF G-36194728), rexistrado na Consellería de Deportes e Xuventude, Dirección Xeral de Xuventude e Deportes da Xunta de Galicia co número 2.312
En adiante, “o Club”.

EXPONEN

Primeiro:

Que a Asociación é dona da seguinte finca:

Finca número douscentos oitenta e catro (284) da concentración parcelaria de Monte Callobre-Rubín (polígono 502) -A Estrada (Pontevedra). Linda: Norte, coa parcela 283 do mesmo polígono, da Xunta de Galicia, e pista asfaltada; Sur, coa parcela 283 do mesmo polígono, da Xunta de Galicia, pista asfaltada, e parcela 285 do mesmo polígono, do Concello; Leste, coa parcela 283 do mesmo polígono, da Xunta de Galicia do mesmo polígono; e Oeste, coa parcela 285 do mesmo polígono, do Concello, e pista asfaltada

Ten unha superficie de once mil sesenta e tres metros cadrados (11.063,00 m2) e sobre ela existen dous pozos, un campo de fútbol e unha construción adicada a vestiarios

A súa referencia catastral é 36017S502002840000KE

O xeito de adquisición da finca, no seo dun procedemento de concentración parcelaria, recóllese na escritura de cesión que a Asociación e o Club asinaron o 12 de xullo de 2011, na Estrada, ante Dna. Carmen Alicia Calaza López, Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia. Copia da mesma se incorpora como anexo ó presente Convenio.

Manifesta a Asociación que a finca se atopa libre de cargas e gravames máis alá dos recollidos na mencionada escritura de cesión.

Segundo:

Que a Asociación e o Club asinaron o 12 de xullo de 2011, na Estrada, ante Dna. Carmen Alicia Calaza López, Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, escritura pola que a Asociación cedeu ó Club, “por un período de 25 anos o uso e disfrute da finca número douscentos oitenta e catro da concentración de monte Callobre-Rubín para a explotación e disfrute das súas instalacións deportivas”.

Os términos exactos da cesión da Asociación ó Club constan na devandita escritura notarial de 12 de xullo de 2011. Tal e como se sinalara no exponendo primeiro, copia da mesma se incorpora como anexo ó presente Convenio.

Terceiro:

O Callobre Club de Fútbol é un referente da formación deportiva na nosa Comunidade alcanzando xa unhas cifras de aproximadamente 300 nenos repartidos en seis escolas de aprendizaxe e 10 equipos federados.

A repercusión desta institución traspasa o mero ámbito local, para proxectar os seus éxitos co deporte base, cara comarcas limítrofes –subscribindo numerosos convenios de colaboración con moitos colexios da zona-; e gran parte da provincia pontevedresa

En definitiva, o Callobre Club de Fútbol realiza un importantísimo labor con evidente interese público, de cara á difusión e fomento da actividade deportiva, particularmente entre nenos e xoves.

ACORDAN

Primeiro:

É obxectivo do Concello, compartido polas outras dúas partes, a construción en Calobre dun campo de fútbol de herba artificial, as torres de iluminación, a súa bancada e o peche do campo; e acadar que dita construción remate preferentemente no ano 2011 e non máis alá de 2012.

O Concello da Estrada comprométese a realizar ante a Excma. Deputación provincial tódalas xestións que estean na súa man para acadar por parte desta a execución das obras. Os esforzos do Concello dirixiranse, como se ten dito, a acadar da Excma. Deputación Provincial a acometida das devanditas obras, obtendo o financiamento a través dos fondos que lle corresponden ó Concello con cargo ó Plan de Investimentos da Deputación 2009-2011, ou a través do oportuno Convenio, ou calquera outra formula que se xulgue axeitada e sexa aceptable en Dereito.

Neste sentido, cabe sinalar que xa a Excma. Deputación comunicou ó Concello a inclusión das obras de construción do campo de fútbol de herba artificial, das torres de iluminación e da bancada, no Plan de Investimentos das Deputación 2009-2011.

Executadas as obras, colocarse un cartel ou placa permanente no que quede constancia de que foron levadas a cabo pola Excma. Deputación Provincial.

Segundo:

As tres partes comprométese a garantir o pacífico disfrute por parte do Club e do Concello, das instalacións deportivas da finca 284 da concentración de Monte Calobre-Rubín-A Estrada-Pontevedra. Sempre, precisamente, para destinalas a un uso acorde coa súa natureza de instalacións deportivas

O disfrute compartido das instalacións farase coa debida coordinación entre o Concello e o Club.

A estes efectos, o Club facilitará ó Concello unha programación xeral das súas actividades ó longo da tempada, antes do comezo da mesma (considérase como data de comezo da tempada o 15 de agosto).

Asemade, tamén facilitarán coa máxima antelación posible calquera cambio na programación prevista ou calquera acontecemento excepcional que vaia ter lugar nas instalacións.

Este disfrute compartido das instalacións farase outorgando preferencia ó Club para a disputa dos seus partidos oficiais e outros partidos que poida celebrar; para a realización dos seus adestramentos, e para o importante labor de formación deportiva que desenvolve. A estes efectos, ten a consideración de Club non só o seu primeiro equipo, senón tamén tódalas súas categorías inferiores.

Pola súa banda, o Concello disporá das instalacións o resto do tempo, sempre coa finalidade de celebrar ou promover o deporte entre os veciños da Estrada e, especialmente entre os veciños de Calobre e parroquias cercanas.

Terceiro:

As partes comprométese tamén a garantir o uso das instalacións pola parte da Asociación durante un máximo de 10 días anuais e única e exclusivamente con finalidades deportivas conforme ás referidas instalacións.

Os 10 días de uso máximo das instalacións pola Asociación haberán de ser pactados co Club e o Concello cunha anterioridade mínima de 10 días á utilización e sempre sen poder interferir nos partidos oficiais, partidos amistosos ou adestramentos do Calobre Club de Fútbol, ou nas actividades previamente programadas polo Concello.

Cuarto:

Asemade, e tendo en conta a fundamental implicación da Excelentísima Deputación Provincial na consecución das instalacións deportivas, as 3 partes comprométese a que, ata o 31 de decembro de 2012, as instalacións do campo podan ser utilizadas pola Deputación Provincial para a celebración de calquera evento deportivo que poida organizar e que sexa respectuoso con elas.

O máximo desta ocupación será de 5 días ó ano, salvo circunstancias excepcionais.

A petición de utilización do campo para estes eventos formularase pola Deputación ó Concello con cando menos quince días de antelación, co gallo de coordinar o uso das instalacións.

Quinto:

Sen prexuízo das axudas que podan acadarse procedentes do Concello ou doutras entidades públicas ou privadas coa mesma finalidade, o Club farase cargo dos gastos de mantemento propios para que as instalacións se atopen nun estado óptimo para o seu uso deportivo.

Os terreos e instalacións haberán de ser postos a disposición de entidades públicas ou privadas coa finalidade de que acometan os traballos precisos para o mantemento das instalacións nun estado óptimo.

Sexto:

O período de vixencia do presente Convenio será dende a súa sinatura ata o 12 de xullo de 2036. Poderá extinguirse previamente o Convenio por mutuo Acordo das 3 partes.

Sétimo:

As partes deste Convenio obríganse ó seu íntegro cumprimento dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da posibilidade de elevalo a escritura pública a solicitude de calquera das partes. Correrá cos correspondentes gastos da escritura a parte que a solicitara.

Tal e como se mencionaba nos exponendos primeiro e segundo, incorpórase ó presente Convenio, a modo de anexo do mesmo, copia da escritura notarial asinada entre a Asociación e o Club o 12 de xullo de 2011, na Estrada, ante Dna. Carmen Alicia Calaza López, Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia; por medio desta escritura pola que a Asociación cedeu ó Club, “por un período de 25 anos o uso e disfrute da finca número douscentos oitenta e catro da concentración de monte Callobre-Rubín para a explotación e disfrute das súas instalacións deportivas”.

Así conveñen e outorgan. Trala correspondente lectura, os representantes das partes asinan o presente Convenio de 5 follas en triplicado exemplar, e a un só efecto. Fano no lugar e data indicados no encabezamento.

A ASOCIACIÓN CULTURAL ISAAC
QUENQUEIRADES

Asdo.: José Carracedo Rey

O CALLOBRE CLUB FÚTBOL

Asdo.: Juan González Nogueira

O CONCELLO DA ESTRADA

Asdo.: José Carlos López Campos

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9º.-DACIÓN DE CONTAS DOS ESCRITOS DOS VOCEIROS DO GRUPO SOCIALISTA E DO GRUPO DO PP DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS Dáse conta ao Pleno do escrito do grupo municipal do PP de data 11 de agosto de 2011 con Rexistro de Entrada nº 9095, así como o presentado polo grupo municipal do PSdeG – PSOE de data 8 de agosto de 2011, Rexistro de Entrada 9015, nos que se designan os membros das comisións informativas de ámbolos dous grupos.

O Pleno queda sabedor.

10º.-DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DO 3 AO 31 DE AGOSTO DE 2011, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS (DO N° 661 AO N° 778) Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 661 a 778 correspondentes ao días do 3 de xullo ao 31 de agosto de 2011.

11º.-ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Traemos unha serie de preguntas preparadas, gustaríanos saber en que estado se atopa o expediente do edificio da rúa Iryda número 9 que, como ben saben vostedes, hai unha sentenza xudicial que indica que hai que proceder ao seu derrube e que tamén hai unha multa ao alcalde que indica que se lle debe facer fronte. E preguntamos en que estado se atopa este expediente pois se ben vimos nunha das primeiras Xuntas de Goberno presididas polo Sr. Alcalde na que se daba conta do

pagamento que realizou desta primeira multa o anterior alcalde D. José Antonio Dono, non volvemos saber nada; pois simplemente queremos saber como se atopa este expediente.

Sr. Alcalde: *É un tema que nos preocupa a todos, e eu se podo permitirme pedir un favor, e sería que canto menos participemos no debate político disto, pois é un tema difícil e estamos traballando (a avogada que xa leva o caso dende tempos do goberno anterior), estamos traballando con ese equipo de avogados e coa propia empresa promotora no seu momento, buscando unha solución para facer cumprir unha sentenza e a sentenza di que hai que facer cumprir, que repoñamos a legalidade pero non entra en detalles sobre o que consiste. Despois tamén hai un informe dos técnicos municipais que encargou o goberno anterior, ese informe os técnicos municipais analizan polo miúdo en que consisten esas adaptacións da reposición da legalidade e daremos pasos e agardemos que sexan pasos firmes nos próximos meses para intentar buscar unha solución que nos preocupa a todos e que nos permitan solucionar iso no prazo de tempo máis curto posible.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Como vostede di creo que hai bastante corresponsabilidade por parte de todo o Pleno neste tema, pero se dixemos isto foi porque queremos saber se se seguiu facendo fronte a esa multa, se se conseguiu unha paralización ou se quedou aquí a cousa cando houbo o cambio de lexislatura.*

Sr. Alcalde: *De momento non temos constancia de que se remitise ningún escrito ao Concello, falamos coa avogada se non recordo mal no mes de abril. Dende aquela non chegou nada máis ao Concello e agardo de que os pasos que estamos dando fagan ver nese expediente que non hai unha paralización voluntaria e que se está intentando buscar unha solución.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Aludía vostede no punto anterior aos decretos dos que se nos daba conta. Nós vimos e queremos preguntar ao respecto sobre dous decretos que figuran no mes de agosto: son os decretos 764 e 765 relativos á obra de cuberta do Concello. Sobre todo porque todos vemos como van evolucionando e estráñanos que haxa dúas contratacións distintas, que exista un fraccionamento dun contrato, posto que esa obra depende dunha subvención, concertada en varias anualidades. E queremos saber a que obedece que haxa un fraccionamento de dita obra, porque hai baixo cuberta, hai teito, cando a obra é unha e o convenio que se fixo coa Xunta é un, queremos saber que por axilidade ou por que, e se está avalado por un informe do secretario. A ver se nos pode informar a que se debe ese fraccionamento pois a suma das dúas, estamos falando de máis de 300.000 € e produciuse un fraccionamento en 197.000 € e en 190.000 €. Por favor, se nos pode achegar un informe de Secretaría poñéndonos en antecedentes de como continúa ese expediente.*

Sr. Alcalde: *Como ben sabe, a documentación toda obra no expediente. E no proxecto da cuberta do Concello atopamos cun problema importante de prazos e de execución. Ademais dunha decisión que é perfectamente entendible que creo que é unha das formas nobres do Concello que eu creo que se acometeu unha parte parcial dunha cuberta que posiblemente houbera dúbidas de actuacións con dúas fases diferentes dunha obra tan importante. Estamos falando dunha cantidade superior de 400 m² e estamos falando de finalización dunha cuberta dunha maneira a mellor posible e sobre todo ademais entendiamos que tivéssemos un único interlocutor no caso non desexable que haxa humidades ou filtracións. Por tanto atendendo a ese tipo de cuestións e á idea de que ese edificio, esa zona nobre é unha zona cun alto valor dos materiais que se van utilizar aí, co proxecto que se vai realizar, cos condicionantes de Patrimonio, decidimos dividir o contrato en dúas obras que nós entendemos que son totalmente distintas, unha estrutural, na que se incorpora a estrutura, piares e a obra máis pesada e despois unha segunda fase de obra civil que será unha obra das máis importantes que ten esta casa. Polo tanto tamén é conveniente saber que a data de hoxe non temos aínda a prórroga desa obra, que temos que tela certificada antes do 28 de outubro e dende logo encontrámonos nunha situación difícil por resolver e optamos acometela da mellor forma posible para os intereses do Concello.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Grazas pola súa resposta Sr. Alcalde. Nós*

coincidimos que é unha obra moi importante, que afecta á parte nobre do Concello e que dende logo sabemos que hai uns prazos, que se acometen porque hai un acordo, por chamarlle dalgún xeito, por parte da Xunta de Galicia, e que hai unhas anualidades que hai que cumprir, e sabemos tamén que hai unhas condicións. E o que lle preocupa a este grupo, e vostede compartirá, é que se presente algún problema legal precisamente por ter fraccionado ese contrato. Se estamos a falar dunha obra de trescentos mil ten que ser unha obra que hai que contratar cunha serie de condicións e que de repente apareza nun expediente que non é só municipal senón que ten moito que ver outra administración nunha parte moi importante (porque senón esta obra nunca se podería acometer)..., non queremos risco ningún, senón que queremos un informe do secretario de que non vai haber ningún problema de legalidade por ter fraccionado este contrato. Insisto, a priori parecería lóxico que a Xunta estivese un pouco en dificultade aí, sabendo por riba que temos o prazo aí e que aínda non se concedeu a prórroga; pero ben, non vaíamos por intentar cubrir un lado da casa, desfacer o outro, non vaíamos por evitar un erro cometer outro, e ante o noso descoñecemento de temas xurídicos por iso queremos que o secretario nos faga ese informe.

Sr. Alcalde: *O secretario faralle entrega do informe de Secretaría e da memoria da Alcaldía onde se xustifica esta actuación. E a consulta fíxose previamente á Consellería e non entra en ningún caso no sistema de contratación da obra, pois hai un convenio (e vostede sábeo), de catro anualidades; e hai un proxecto que é unha memoria única do que se pretende facer neses catro anos e despois cada ano que queiramos licitar a obra (e vostedes sábeno perfectamente), hai baixar ao nivel de detralle do proxecto de execución, hai que solicitar todas as licenzas e facer todos os trámites oportunos de cada un dos proxectos parciais que se van acometer cada ano. Isto foi o que se empezou a facer no seu momento no mes de xuño e a partires de aí cos prazos marcados e coas autorizacións preceptivas todas, o que fixemos foi garantir que o Concello da Estrada por riba de todo poida facer unha obra importante e poida executar un investimento de 337.500 € no seu concello. Por suposto que terá a súa documentación, tanto do proxecto técnico como a Memoria da Alcaldía.*

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): *Moitas grazas por todas as aclaracións, agardamos que sexa como vostede di e que teñamos tellado e non sexa que teñamos que vir todos con paraugas. Pasando a outro tema, quero facer só un par de rogos: un que é que temos constancia polos veciños de que na escola de Ribeira, despois das últimas eleccións, quedou aínda o material que se facilita a todos os colexios electorais para o discorrer do día das eleccións; pídenos que recordemos ao Concello que está alí, que hai un funcionario que neste caso era o encargado de levar, traer e asegurarse de que todo quedase en condicións para o uso da parroquia, que se encargue de retiralo. Outro rogo que nos fan chegar os veciños é que a estrada de Callobre a Ponte-Ledesma, un vial da Deputación, agora mesmo ten bastantes carencias en canto á sinalización horizontal, entón que se inste á Deputación a mellorar e acondicionar a sinalización horizontal deste vial Callobre – Ponte Ledesma.*

Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Pregunto cal é o criterio que se está a seguir para a eliminación de puntos de luz no rural e na vila. E o rogo é que se faga público este criterio para que os veciños poidan opinar. De xeito que a este Plan de Eficiencia Enerxética (que vaia por diante que a min me parece moi ben que se faga unha racionalización da iluminación pública), que os veciños fagan as súas achegas e se sintan partícipes, e facelo así máis efectivo.*

Sr. Alcalde: *Este goberno municipal entendeu que a situación económica municipal era insostible, sobre todo no gasto corrente, cando vemos que o gasto corrente están diminuindo non podemos de ningún xeito consentir ese gasto, estaríamos estrangulando as contas do Concello. Por iso hai que actuar de principio sobre o Plan de Choque das partidas máis importantes, e aí está entre os máis grandes o gasto enerxético. En principio, sabe vostede que estamos facendo un apagado de puntos de luz, que sabe a complexidade técnica que ten, pois no casco urbano podemos seleccionar a frecuencia do apagado, pero no rural non podemos facelo. Polo tanto, o que decidimos foi actuar sobre aquelas zonas onde entendiamos que había un excesivo número de puntos de luz, procurando non afectar, porque erros sempre se cometen, e estamos detectando algún e estamos intentando*

solucionalo. Respectando aqueles núcleos onde exista un punto de luz a carón dunha vivenda, respectando onde exista un tramo de circulación interurbana ou no medio dos propios núcleos, nos cruces perigosos, nalgunha rotonda e todo o que son os tramos de iluminación entre núcleos estamos actuando e facendo o oportuno. É certo que aproximadamente debemos levar actuando no rural sobre 450 puntos de luz, máis todo o Plan de Aforro Enerxético que estamos facendo no casco urbano, apagando unha fila enteira nunha rúa e alternativamente a partires da unha da mañá deixando unha ou dúas farolas intercaladas tamén apagadas. Creo que desa forma poderemos reducir un custo fundamental que é o alumado no rural, tendo en conta que está nalgúns sitios ou parroquias con excesiva iluminación e calculamos que nos últimos 4 anos se puideron poñer máis de 2.000 puntos de luz máis dos que xa había. Entón cremos que hai que reconducir a situación e a cidadanía ten que entender que hai que aforrar, e que o gasto enerxético é demasiado importante no Concello da Estrada.

Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Concordo con vostede en que hai un exceso de puntos de luz en todo o país. Parecemos vistos de arriba unha árbore de Nadal. Tamén un rogo con este punto, non sei se este plan se está levando a cabo tamén na zona dos institutos, é que como sabe utilizo moito esa zona cando non hai luz e queda un pouco escura, e ao mellor habería que aplicalo ao mellor a partires das dez da noite. Non habería problema se os coches respectasen os límites de velocidade, pero hai adultos, hai nenos que ás veces os rapaces dos clubs de baloncesto ou fútbol que ás veces dende o campo de Figueroa saen correr por alí e os que facemos algo de atletismo sabemos que pola beirarrúa non se pode correr, pois estamos seguramente creando un gasto á Seguridade Social e entón o que aforramos por un lado, gastámolo por outro. Entón, que se aplicase nesta zona en concreto a partires das dez da noite, que incluso se podería reducir moito máis a iluminación e incluso melloralala porque hai zonas moi escuras. Zonas fronte á Fundación non hai luz nin beirarrúas, e hai moita xente non só correndo senón paseando por alí e entón habería que mellorar.*

Sr. Magariños Maceiras (do BNG): *Como última pregunta, que ten que ver co tema dos desbroces: o Concello ten máis medios ca nunca, con 3 tractores, pero hai veciños, concretamente da zona de Veá que nos din que os desbroces que se realizaron con motivo da festas en Sto. André de Veá, Cora, Sta. Cristina, S. Xiao e S. Xurxo de Veá, foi moi deficiente, e entón as preguntas son: ¿que criterios se segue cos desbroces e cando se pasará a rematar o traballo que non quedou ben feito? =*

Sr. Alcalde: *Pois podemos coincidir en parte con vostede e con respecto á exposición que fixo tamén o PSOE no anterior Pleno. Este goberno, respecto das medidas de axuste tamén tomou outra decisión, como outras moitas que nos toca actuar e que é duro, pero que temos que facelo, como é o pagamento desmesurado das horas extras. Un capítulo que era insostible polo Concello e un dos seus motivos eran no verán as horas que, fóra do horario facían os 3 tractores. Nós pedímoslles a redución ao mínimo, ou practicamente a ningunha, no número de horas dedicadas. Atenderon, coa profesionalidade deles, que é importante destacalo, o Plan de Desbroce, motivado practicamente polas festividades nas parroquias, atendendo sobre todo nas festividades as pistas principais e algunha secundaria. Sei que o traballo é mellorable, tivemos tamén problemas por ter que contratar unha persoa sen experiencia. Foi un verán movido e temos que mellorar. Dúas brigadas colleron vacacións en setembro e a partires de mediados deste mes poñer en marcha un novo ciclo de desbroces. Intentaremos poder contar de novo coas brigadas da Deputación para desbroces das pistas e imos empezar coas parroquias e esa complementaria e facer desbroce das principais, as secundarias, incluso as que teñan un especial interese para os veciños; facer un desbroce integral das pistas das parroquias a partires de quince días como moi tarde.*

Sr. Alcalde: *Outra pregunta, que non sei se está contestada, pois que me perdoen os compañeiros da prensa, pero non tiven hoxe tempo a lela e non o sei. Dado que o accidente dos vehículos de Protección Civil se produciu con motivo de acudir a apagar un lume forestal, o noso rogo é que se dirixa á Consellería de Medio Rural para que se faga cargo, ben da reparación ou ben da substitución dos vehículos accidentados; non sería xusto que non se fixese cargo desa reparación, cando os camións estaban traballando para a*

consellería.

Sr. Alcalde: Vexo que está vostede ultimamente en sintonía co goberno local, o que me alegra moito. De feito esa xestión foi a que se fixo e a que se anunciou nos medios de comunicación. Hoxe mesmo estiven en contacto co xefe territorial de Medio Rural, e eles entenden dúas cousas. Por un lado, o excepcional do traballo que fixeron este verán as brigadas da Estrada, e por outro que grazas a eles o Parque de Bombeiros de Silleda non fixeron practicamente ningunha actuación nin no Concello, nin na comarca, nin no entorno. Por iso a Consellería de Medio Rural xa asina un convenio co noso Concello onde se fan cargo de soldos e gastos desa brigada; este ano foi en torno aos 35.000 €. De feito hoxe estiveron dous técnicos de Medio Rural mirando os camións, ofrecéronse a reparar os camións no seu taller asumindo o Concello o pagamento dalgunha das pezas que houbera que pedir e comprometéronse a facelo e incluso a cedernos indefinidamente un camiión para o uso por parte de Protección Civil, mellorando incluso as condicións que tiñamos ata o de agora. Creo en todo caso que o Concello da Estrada o merece e dende logo tamén Protección Civil porque o traballo que está facendo xunto co Concello é extraordinario por manter ese servizo, e dende logo non hai ningunha dúbida que, sexa dun xeito ou outro, poidamos recuperar un ou dou vehículos. E hoxe xa saíu o escrito que eles ían informar positivamente para poder cedernos ese vehículo e a partir de aí intentaremos reparar estes para que no seu taller sexa a través da reparación ou aproveitamento das pezas para que poidamos seguir prestando ese servizo de prevención e apagado de incendios preto das casas e temas como foi tamén as canteiras de Campomarzo e outras moitas que fixo Protección Civil da Estrada e moi importantes. Polo que non teña vostede ningunha dúbida de que estamos a facer esas xestións con Medio Rural.

Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Ao fío da charla amena que acaba de manter vostede co compañeiro do BNG (que todos estamos tomando nota para saber como temos que facer disertacións)..., e non tiña pensado facer máis comentarios, pero...: con respecto aos desbroces, vostede dixo que “coas festividades, as pistas principais só, etc algún quedara feito deficientemente”, e quero preguntarlle se lles deron orde aos operarios para que isto fose así, para que as deixasen a medias.

Sr. Alcalde: Co ben que estabamos levando o Pleno e vén vostede agora meter o dedo no ollo como Mouriño. Ben, pois a resposta coñécea vostede perfectamente e sabe que non é así; eles son uns perfectos profesionais e vostede non dubidará da súa profesionalidade, polo que saben ben como facer o seu traballo. No que si estamos de acordo é que pode ser mellorable, temos que facelo moito mellor e para iso contaremos coas súas achegas tamén.

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras nin por parte do público, levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e tres minutos.

A Estrada, 6 de outubro de 2011
O secretario

Asdo.: José Naveira González